

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNNS

#### Consellería de Economía e Facenda

*Resolución do 21 de maio de 1991, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda, pola que se fan públicas as razóns que xustifican a utilización do procedemento de contratación directa do alugueiro dun inmoble sito na Rúa Nova, 40 de Santiago de Compostela, para establecer dependencias administrativas da Xunta de Galicia.*

En cumprimento do disposto no artigo 27.1 da Lei 3/1985, do 12 de abril do patrimonio da Comunidade Autónoma e 55 do seu regulamento, e á vista das competencias que teñen atribuídas de acordo co Decreto 426/1990, do 31 de xullo,

#### RESOLVO:

Facer público que por razón da extrema urxencia e limitacións do mercado inmobiliario xustifícase, logo de fiscalización da Intervención Delegada e por proposta da consellería correspondente, a utilización do procedemento de contratación directa do alugueiro dun inmoble sito na Rúa Nova, 40 de Santiago de Compostela, para establecemento de dependencias administrativas da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 1991.

Francisco Ramos Mulero  
Secretario Xeral Técnico e do Patrimonio da  
Consellería de Economía e Facenda

#### Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*Orden do 16 de maio de 1991 pola que se lle concede autorización definitiva ós centros privados de educación preescolar que se relacionan no anexo.*

Examinados os expedientes incoados polas direccións dos centros privados que se relacionan no anexo da presente orde, en solicitude de autorización definitiva para a súa apertura e funcionamento.

Resultando que os devanditos centros privados obtiveron a autorización previa á que alude o artigo 5.º do Decreto 1.855/1974.

Resultando que os expedientes foron tramitados pola Delegación Provincial de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que os envía con proposta favorable, sendo igualmente favorables os informes da Inspección ó servicio da Administración educativa, da Unidade Técnica de Construccións e da Oficina Rexional de Supervisión de Proxectos.

Vistos a Lei xeral de educación e financiamento da reforma educativa do 4 de agosto de 1970 (BOE do 6), o Decreto 1.855/1974, do 7 de xuño (BOE do 10 de xullo), a Orde ministerial do 22 de maio de 1978 (BOE do 2 de xuño) e demais disposicións complementarias.

Considerando que os centros privados que se relacionan no anexo da presente orde reúnen os requisitos esixidos polas disposicións en vigor, vindo resolve-las necesidades existentes, na zona, de centros deste nivel educativo,

Esta consellería dispón:

Concedérelle la autorización definitiva, para a súa apertura e funcionamento, ós centros privados que se relacionan no anexo, no nivel e para as unidades que se indican.

O que lle comunico a V.I. para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 1991.

Juan Piñeiro Permuy  
Concelleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

Ilmo. Sr. Director Xeral de Educación Básica

#### ANEXO QUE SE CITA

##### PROVINCIA DA CORUÑA

Concello: A Coruña.

Localidade: A Coruña.

Enderezo: Pról. r/ Suevias, s/n

Denominación: Luis Seoane.

Titular: Excmo. Concello da Coruña.

Nivel: Educación preescolar.

Número de unidades que se autorizan: 2 de xardín de infancia e 2 de párvulos.

Postos escolares que se autorizan: 80 de xardín de infancia e 80 de párvulos.

Concello: Santiago.

Localidade: Santiago.

Enderezo: Rúa de Raiola, 2.

Denominación: Raiola.

Titular: A.P.A. Xardín de Infancia Raiola.

Nivel: Educación preescolar.

Número de unidades que se autorizan: 2 de xardín de infancia e 2 de párvulos.

Postos escolares que se autorizan: 60 de xardín de infancia e 60 de párvulos.